CIG Confederación Intersindical Galega AUTONÓMICA

Confederación Intersindical Galega
Soto Consellería Educación
Edificio Administrativo San Caetano · 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tell 981 54 59 09 · Fax 981 54 59 91

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
-7 MAI. 2014
Núm. 23047

**ESCRITO DIRIXIDO A TODOS OS GRUPOS PARLAMENTARES**

# GRUPO PARLAMENTAR DO PARTIDO POPULAR PARLAMENTO DE GALIZA

Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela

## DENUNCIA SOBRE ATRANCOS Á FLEXIBILIZACIÓN DE XORNADA POR CONCILIACIÓN FAMILAR DA LEI 7/2004 PARA A IGUALDADE DE MULLERES E HOMES

Fernando García Fernández, con NIF 35304555S, con enderezo válido para os efectos de notificacións no enderezo indicado na cabeceira deste escrito e na dirección de correo electrónico **autonomica@cigadmon.org**, secretario nacional da CIG-Autonómica, en nome e representación desta organización sindical, diríxese a Vd. e ao seu grupo parlamentar para **denunciar as actuacións do Goberno galego para atrancar a aplicación do dereito á flexibilización de xornada por razóns de conciliación familiar** previsto no artigo 44 da *Lei 7/2004, do 16 de xullo,* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes*, e para **solicitar a presentación dunha proposición non de Lei** instando á Xunta de Galiza á que respecte a plena vixencia do dereito á conciliación da vida laboral e familiar nos termos previstos na lexislación vixente.

### 1. ANTECEDENTES.

O artigo 44.1 da *Lei 7/2004, do 16 de xullo* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes*, (na redacción dada pola *Lei 2/2007 do 28 de marzo* -DOG 13 de abril-, *do traballo en igualdade das mulleres*) dispón o seguinte:

> "Todo o persoal funcionario, eventual, interino, estatutario ou laboral ao servizo daAdministración pública galega con fillos/fillas ou acollidos/acollidas menores de doce anos, ou con familiares convivintes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas, poderá solicitar, e concedéndoselle se as necesidades do servizo o permitisen, a flexibilización da xornada de traballo dentro dun horario diario de referencia, determinado en cada caso, a petición da persoa interesada e ouvida a representación legal do persoal, pola dirección de persoal da unidade administrativa ou centro de traballo. A decisión, se as necesidades do servizo o permitisen, **reconecerá o máis amplio horario diario de referencia posible**. Dentro do horario diario de referencia establecido, a persona interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando, en cómputo mensual, resulten cumpridas todas as horas mensuais de traballo aplicables."

Xa que logo, o artigo 44.1 da Lei 7/2004 dispón, para o suposto da autorización da xornada flexible por conciliación familiar, **o recoñecemento do horario diario de referencia máis amplio posible** que sexa compatible coas necesidades do servizo.

Este dereito foi desenvolvido na alínea a) do artigo 6.3.1 da *Orde do 20 de decembro de 2013* (DOG do 31 de decembro), *conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.*

CIG
Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA
Confederación Intersindical Galega
Sector Consellería Educación
Telf. 981 54 59 09 - Fax 981 54 59 91
Edificio Administrativo San Caetano - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Horario flexible por razóns de conciliación da vida familiar e laboral, previsto no artigo 44 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes:

Os/as empregados/as con fillos/as ou acollidos menores de doce anos, ou con familiares conviventes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas, poderán solicitar a flexibilidade horaria.
Os homes e as mulleres que se encontren en proceso de nulidade, separación ou divorcio terán idéntico dereito, desde a interposición da demanda xudicial ou, por decisión da persoa interesada, desde a solicitude de medidas provisionais previas, ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou, de ser o caso, desde a citada solicitude.
O modelo de solicitude estará dispoñible na intranet da Xunta de Galicia.
Dentro das 7.30 e as 18.30 horas fixarase, en cada caso, por pedimento da persoa interesada e oídos os órganos de representación do persoal, o horario diario de referencia. **Este horario diario de referencia poderá ser superior ás 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo abranguerá ata as 20.00 horas de luns a xoves e ata as 15.30 horas os venres.**
Dentro do horario diario de referencia establecido, a persoa interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables, en cómputo mensual.

Este artigo da Orde do 20 de decembro de 2013, xa que logo, impón a franxa horaria no que o persoal da Administración pode exercer o dereito á xornada flexible por conciliación familiar, en contradición co artigo 44 da Lei 7/2004, no que se estipula que debe recoñecerse o horario de referencia máis amplo posible, coa única condición de que sexa compatible coas necesidades do servizo.

Neste sentido, ao prefigurar con carácter xeral un horario diario de referencia que "poderá ser superior ás 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo até as 20.00 horas de luns a xoves e até as 15.30 horas os venres", a Orde do 20 de decembro de 2013 impón unhas condicións horarias non baseadas en necesidades do servizo obxectivas.

Cómpre engadir que a CIG-Autonómica **presentou un recurso contencioso-administrativo** contra a Orde de 20 de decembro de 2013, fundado na vulneración do artigo 44 da Lei 7/2004 (DOG 03/08/2004), modificado pola lei 2/2007, do 28 de marzo (DOG 13/04/2007).

Nomeadamente, a CIG considera que a Orde do 20/12/2013 cercena parcialmente o exercicio do dereito á flexibilización de xornada por motivos familiares:

-Impide o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar os venres a partir das 15:30 h con carácter xeral.
-No permite o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar antes das 7.30 a despois das 20.00 h de luns a xoves, aínda que o centro de traballo estea aberto.

Na redacción dada ao art. 44 da Lei 7/2004 pola Lei 2/2007, a única causa prevista para limitar o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar son as necesidades do servizo. Necesidades do servizo que en boa lóxica deberan estar xustificadas para cada caso, e non impoñendo uns condicionantes horarios fixados arbitrariamente na Orde con carácter xeral, que reducen o ámbito temporal de exercicio desta modalidade de xornada flexible.

## 2. SITUACIÓN ACTUAL

CIG
Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA
Confederación Intersindical Galega
Solo Consellería Educación
Edificio Administrativo San Caetano - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel: 981 54 59 09 Fax: 981 54 59 91

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 7 MAI. 2014
Núm. 23047

SERVIZOS PÚBLICOS SI, GRAZAS

Recentemente, as Consellerías de Facenda e Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas a Xustiza remitíronlles ás organizacións sindicais representativas no ámbito da Administración xeral da Xunta de Galiza un rascuño de *Instrucións sobre o desenvolvemento da orde do 20 de decembro de 2013 pola que se regula a xornada e horario de traballo, a flexiblidade horaria e o teletraballo no ámbito da Administración xeral e do Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia* (**Xúntanse como Documento Anexo**).

No apartado do rascuño de Instrucións referido á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar dispone o seguinte:

> Horario diario de referencia:
>
> O artigo 6.3.1. a) da Orde conxunta, sinala que dentro das 7.30 e as 18.30 horas fixarase, en cada caso, por pedimento da persoa interesada, e oídos os órganos de representación do persoal, o horario diario de referencia.Este horario diario de referencia poderá rematar mais tarde das 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo abranguerá ata as 20.00 horas de luns a xoves e ata as 15.30 horas os venres.
>
> A necesidade de fixar un horario diario de referencia, ben recollido no artigo 44 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
>
> Dito horario fixarase dentro do marxe sinalado pola Administración de 7:30 a 18:30/20:00 horas, por pedimento da persoa interesada e oídos os órganos de representación do persoal.
>
> Este horario diario de referencia será fixado na forma mais ampla posible, se as necesidades do servizo o permitiran, podendo chegar a coincidir coa banda horaria máxima antedita.
>
> Dentro do horario diario de referencia fixado, a persoa interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables en cómputo mensual.
>
> Non obstante e debido a que a concesión desta flexibilidade por conciliación encóntrase legalmente subordinada ás necesidades do servizo, **cando non se poida atender a petición do traballador en canto ao horario de referencia solicitado por ter que estar asegurada a súa presenza no seu posto de traballo nunhas horas diarias determinadas**, antes de denegar a súa solicitude de conciliación, poderase realizar un trámite de modificación o mellora voluntaria da súa solicitude de acordo co artigo 71.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
>
> Neste senso, **se porá de manifesto ao traballador as horas nas que se require a súa presenza diaria**, intentando na medida do posible compatibilizar as necesidades do servizo coa súa petición. Se o traballador acepta a proposta de horario diario de presenza realizada pola administración, deixarase constancia por escrito e concederase a conciliación solicitada, recollendo na resolución de concesión da flexibilidade por conciliación tanto o horario diario de referencia como as concretas condicións de presenza obrigatoria establecidas.

Mediante esta previsión das Instrucións de desenvolvemento, a Administración vén a impoñer o establecemento dunha **franxa fixa do horario** dentro da xornada flexible por conciliación familiar. Isto entra en contradición directa co artigo 44 da Lei 7/2004, que só contempla como ferramenta para conciliar o dereito do/a traballador/a coas necesidades do centro a modificación do horario de referencia, pero non a posibilidade de impoñer unha franxa fixa dentro do horario de referencia.

Cómpre sublinar, por outra banda, que a Xunta de Galiza xa tentou introducir esta previsión na Orde do 20 de decembro de 2013, sendo retirada do texto que se publicou no DOG con posterioridade á presentación dun escrito de denuncia por parte destra central sindical (**Xúntase como Documento Anexo**).

Cómpre salientar que **o horario de referencia que impón a Administración para a flexibilidade familiar curiosamente é exactamente o mesmo que o da flexiblidade automática**. Mentres a Lei 7/2004 só contempla como factor limitativo do horario de referencia para a flexibilidade por conciliación familiar as necesidades do servizo que en boa lóxica deberan estar xustificadas para cada caso, a Administración impón na normativa de desenvolvemento uns condicionantes horarios fixados uniformemente na Orde do 20 de decembro de 2013 con carácter xeral, que reducen o ámbito temporal de exercicio desta modalidade de xornada flexible.

Igualmente, no apartado do rascuño de Instrucións referido á tramitación e resolución da flexibilidade horaria por conciliación familiar, disponse o seguinte:

> Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos, solicitarase ao titular do centro directivo onde presta servizos o empregado, un informe co obxecto de que valore si a concesión do horario de referencia solicitado polo empregado público pode afectar á organización e ao correcto funcionamento do servizo. No suposto de que así fose, recolleranse no dito informe as condicións diarias de presenza obrigatoria dentro dese horario de referencia solicitado, previo acordo co traballador ***logo da valoración das súas circunstancias persoais***.

De novo, neste punto volve a sacarse a colación o horario diario de presenza obrigada pero neste caso "*logo da valoración das súas circunstancias persoais*"; esta previsón foi tamén retirado finalmente da Orde do 20 de decembro de 2013 na fase de informe xurídico, logo da advertencia realizada desde esta central sindical mediante escrito do 22 de outubro de 2013.

O deber de cada centro directivo é informar de cómo afectaría ao servizo a solicitude do horario diario de referencia de cada persoal traballador que solicita a xornada flexible, non valorar as súas circunstancias persoais. Neste sentido é a Lei a que establece taxativamente cales son as condicións persoais e familiares necesarias para gozar deste dereito, que non precisan de valoración adicional, senón tan só comprobar que se cumpran. A esixencia, non prevista na Lei 7/2004, de que o/a traballador/a poña de manifesto ante a Administración cales son as súas circunstancias persoais constitúe, alén disto, unha intromisión intolerable na esferada da intimidade persoal.

Hai que ter presente, por outra banda, que a Orde do 20 de decembro de 2013 establece unha tramitación agravada para as solicitudes de flexibilización por conciliación familiar, en comparación coas solicitudes de flexibilización automática. Mentres esta última, para a que non se esixe a concorrencia de causas de conciliación, autorízase de oficio por silencio administrativo positivo en 15 días hábiles, para a flexibilización por conciliación familiar opera un prazo para a súa tramitación e resolución de tres meses até que se produza a estimación por silencio administrativo. O sistema informático de control horario da Xunta ("Kronos"), por outro lado, non habilita a flexibilidade por conciliación familiar a pesar de que se produza o silencio estimatorio polo transcurso do prazo de tres meses, o que si fai, en cambio, coas estimacións por silencio administrativo das solicitudes de flexibilidade ordinaria ou *automática*.

Alén disto, esta central sindical está a constar unha demora excesiva nas resolucións das solicitudes de flexibilidade horaria por conciliación familiar. Esta demora prodúcese en dúas fases do procedemento: por un lado, no prazo para solicitar o informe preceptivo aos órganos de representacións dos/as traballadores/as; e, por outro lado, no prazo para resolver a solicitude despois de se producir o informe do órgano de representación dos/as traballadores/es correspondente.

Exemplo disto é o retraso en solicitar o informe preceptivo á Xunta de Persoal en certos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
7 MAI. 2014
Núm. 22047
SERVIZOS PÚBLICOS SI, GRAZAS

departamentos da Administración autonómica
-Ata 83 días na Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA)
-Ata 74 días na Consellaría de Facenda
-Ata 67 días na Consellería de Sanidade

Tamén é constatable o retraso en resolver as solicitudes de flexibilización despois de realizarse o informe do órgano de representación sindical correspondente:

- Ata 41 días na Consellaría de Facenda
- Entre 20 e 27 días na Consellaría de Traballo e Benestar

Estas demoras e atrancos coinciden en dificultar para os traballadores o exercicio da flexibilización por conciliación familiar, retrasando a tramitación das solicitudes **até que os/as propios/as traballadores/as se autoimpoñen un horario diario de referencia** non previsto pola Lei 7/2004.

Neste sentido, esta central sindical ten coñecemento de Resolucións de flexibilidade por conciliación familiar autorizadas a traballadores con horarios de referencia tan amplios que baleiran de contido a flexibilidade horaria:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP):
- De 9.15 a 15.30 h luns, martes, xoves e venres (6:15 horas ao día de horario fixo)
- De 9:15 a 16:45 h os mércores (7:30 horas de horario fixo)
TOTAL 32:30 horas á semana de horario fixo

Consellaría de Facenda:
- De 7:30 a 14:30 h de luns a venres
TOTAL 35 horas semanais de horario fixo (o traballador non pode compensar a partir das 14.30 h

Consellaría de Facenda:
- De 9.30 a 17:23 h luns a xoves (7:53 horas ao día de horario fixo)
- De 9:30 a 15:30 h os mércores (6:00 horas de horario fixo)
TOTAL 37:32 horas á semana de horario fixo (o traballador non podería compensar a partir das 17:23 h)

En resumo, a actuación da Xunta de Galiza consiste en igualar na práctica o resultado de ambos tipos de flexibilización (a ordinaria ou *automática* e a de conciliación familiar), ao uniformizar o horario de referencia diario, e ao penalizar a flexibilidade por conciliación familiar cunha tramitación substancialmente máis longa.

Por último, coa introdución destas previsións nas Instrucións, a intención da Xunta de Galiza é **atrancar o exercicio de accións colectivas por parte das organizacións sindicais**, ao aplicarlle á flexibilidade horaria por conciliación familiar unhas condicións que contraveñen a Lei 7/2004 e que serán aprobadas nunha norma non publicada no DOG, que só sería recurrible por cada traballador/a a título individual.

### 3. PEDIMENTO DA CIG-AUTONÓMICA

A CIG-Autonómica denuncia que o Goberno galego impide o pleno exercicio do dereito á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar, aprobando normativa de desenvolvemento que introduce condicións non previstas na *Lei 7/2004, do 16 de xullo* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes*.

A CIG-Autonómica, na procura da efectividade da dita Lei, eleva esta denuncia a Vd. e ao seu Grupo Parlamentario, co pedimento de que aproben unha Proposición non de Lei no Parlamento de Galiza na que se inste ao Goberno galego, e nomeadamente á Consellería de Facenda e á

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a respectar a plena vixencia da Lei 7/2004, favorecendo o exercicio do dereito á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar no ámbito da Administración da Xunta de Galiza.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2014
O secretario nacional da CIG-Autonómica

Fernando García Fernández

Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA

Confederación Intersindical
Soto Consellería Educación
Edificio Administrativo San Caetano · 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel: 981 54 59 09 · Fax: 981 54 59 91

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
7 MAI. 2014
Núm. 22047

SERVIZOS PÚBLICOS ... SI, GRAZAS

**ESCRITO DIRIXIDO A TODOS OS GRUPOS PARLAMENTARES**

# GRUPO PARLAMENTAR DO PSdG-PSOE
# PARLAMENTO DE GALIZA

Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela

**DENUNCIA SOBRE ATRANCOS Á FLEXIBILIZACIÓN DE XORNADA POR CONCILIACIÓN FAMILAR DA LEI 7/2004 PARA A IGUALDADE DE MULLERES E HOMES**

Fernando García Fernández, con NIF 35304555S, con enderezo válido para os efectos de notificacións no enderezo indicado na cabeceira deste escrito e na dirección de correo electrónico autonomica@cigadmon.org, secretario nacional da CIG-Autonómica, en nome e representación desta organización sindical, diríxese a Vd. e ao seu grupo parlamentar para **denunciar as actuacións do Goberno galego para atrancar a aplicación do dereito á flexibilización de xornada por razóns de conciliación familiar** previsto no artigo 44 da *Lei 7/2004, do 16 de xullo,* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes*, e para **solicitar a presentación dunha proposición non de Lei** instando á Xunta de Galiza á que respecte a plena vixencia do dereito á conciliación da vida laboral e familiar nos termos previstos na lexislación vixente.

**1. ANTECEDENTES.**

O artigo 44.1 da *Lei 7/2004, do 16 de xullo* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes*, (na redacción dada pola *Lei 2/2007 do 28 de marzo* -DOG 13 de abril-, *do traballo en igualdade das mulleres*) dispón o seguinte:

> "Todo o persoal funcionario, eventual, interino, estatutario ou laboral ao servizo daAdministración pública galega con fillos/fillas ou acollidos/acollidas menores de doce anos, ou con familiares convivintes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas, poderá solicitar, e concedéndoselle se as necesidades do servizo o permitisen, a flexibilización da xornada de traballo dentro dun horario diario de referencia, determinado en cada caso, a petición da persoa interesada e ouvida a representación legal do persoal, pola dirección de persoal da unidade administrativa ou centro de traballo. A decisión, se as necesidades do servizo o permitisen, **reconecerá o máis amplio horario diario de referencia posible**. Dentro do horario diario de referencia establecido, a persona interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando, en cómputo mensual, resulten cumpridas todas as horas mensuais de traballo aplicables."

Xa que logo, o artigo 44.1 da Lei 7/2004 dispón, para o suposto da autorización da xornada flexible por conciliación familiar, **o reconecemento do horario diario de referencia máis amplio posible** que sexa compatible coas necesidades do servizo.

Este dereito foi desenvolvido na alínea a) do artigo 6.3.1 da *Orde do 20 de decembro de 2013* (DOG do 31 de decembro), *conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Horario flexible por razóns de conciliación da vida familiar e laboral, previsto no artigo 44 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes:

Os/as empregados/as con fillos/as ou acollidos menores de doce anos, ou con familiares conviventes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas, poderán solicitar a flexibilidade horaria.
Os homes e as mulleres que se encontren en proceso de nulidade, separación ou divorcio terán idéntico dereito, desde a interposición da demanda xudicial ou, por decisión da persoa interesada, desde a solicitude de medidas provisionais previas, ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou, de ser o caso, desde a citada solicitude.
O modelo de solicitude estará dispoñible na intranet da Xunta de Galicia.
Dentro das 7.30 e as 18.30 horas fixarase, en cada caso, por pedimento da persoa interesada e oídos os órganos de representación do persoal, o horario diario de referencia. **Este horario diario de referencia poderá ser superior ás 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo abranguerá ata as 20.00 horas de luns a xoves e ata as 15.30 horas os venres.**
Dentro do horario diario de referencia establecido, a persoa interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables, en cómputo mensual.

Este artigo da Orde do 20 de decembro de 2013, xa que logo, impón a franxa horaria no que o persoal da Administración pode exercer o dereito á xornada flexible por conciliación familiar, en contradición co artigo 44 da Lei 7/2004, no que se estipula que debe recoñecerse o horario de referencia máis amplo posible, coa única condición de que sexa compatible coas necesidades do servizo.

Neste sentido, ao prefigurar con carácter xeral un horario diario de referencia que "poderá ser superior ás 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo até as 20.00 horas de luns a xoves e até as 15.30 horas os venres", a Orde do 20 de decembro de 2013 impón unhas condicións horarias non baseadas en necesidades do servizo obxectivas.

Cómpre engadir que a CIG-Autonómica **presentou un recurso contencioso-administrativo** contra a Orde de 20 de decembro de 2013, fundado na vulneración do artigo 44 da Lei 7/2004 (DOG 03/08/2004), modificado pola lei 2/2007, do 28 de marzo (DOG 13/04/2007).

Nomeadamente, a CIG considera que a Orde do 20/12/2013 cercena parcialmente o exercicio do dereito á flexibilización de xornada por motivos familiares:

-Impide o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar os venres a partir das 15:30 h con carácter xeral.
-No permite o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar antes das 7.30 a despois das 20.00 h de luns a xoves, aínda que o centro de traballo estea aberto.

Na redacción dada ao art. 44 da Lei 7/2004 pola Lei 2/2007, a única causa prevista para limitar o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar son as necesidades do servizo. Necesidades do servizo que en boa lóxica deberan estar xustificadas para cada caso, e non impoñendo uns condicionantes horarios fixados arbitrariamente na Orde con carácter xeral, que reducen o ámbito temporal de exercicio desta modalidade de xornada flexible.

**2. SITUACIÓN ACTUAL**

Confederación Intersindical Galega AUTONÓMICA
Confederación Intersindical Galega
Solo Consellería Educación
Edificio Administrativo San Caetano · 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel. 981 54 59 09 · Fax 981 54 59 91

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
7 MAI. 2014
Núm. 23047

SERVIZOS PÚBLICOS SI, GRAZAS

Recentemente, as Consellerías de Facenda e Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas a Xustiza remitíronlles ás organizacións sindicais representativas no ámbito da Administración xeral da Xunta de Galiza un rascuño de *Instrucións sobre o desenvolvemento da orde do 20 de decembro de 2013 pola que se regula a xornada e horario de traballo, a flexiblidade horaria e o teletraballo no ámbito da Administración xeral e do Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia* (**Xúntanse como Documento Anexo**).

No apartado do rascuño de Instrucións referido á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar disponse o seguinte:

> Horario diario de referencia:
>
> O artigo 6.3.1. a) da Orde conxunta, sinala que dentro das 7.30 e as 18.30 horas fixarase, en cada caso, por pedimento da persoa interesada, e oídos os órganos de representación do persoal, o horario diario de referencia.Este horario diario de referencia poderá rematar mais tarde das 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo abranguerá ata as 20.00 horas de luns a xoves e ata as 15.30 horas os venres.
>
> A necesidade de fixar un horario diario de referencia, ben recollido no artigo 44 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
>
> Dito horario fixarase dentro do marxe sinalado pola Administración de 7:30 a 18:30/20:00 horas, por pedimento da persoa interesada e oídos os órganos de representación do persoal.
>
> Este horario diario de referencia será fixado na forma mais ampla posible, se as necesidades do servizo o permitiran, podendo chegar a coincidir coa banda horaria máxima antedita.
>
> Dentro do horario diario de referencia fixado, a persoa interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables en cómputo mensual.
>
> Non obstante e debido a que a concesión desta flexibilidade por conciliación encóntrase legalmente subordinada ás necesidades do servizo, **cando non se poida atender a petición do traballador en canto ao horario de referencia solicitado por ter que estar asegurada a súa presenza no seu posto de traballo nunhas horas diarias determinadas**, antes de denegar a súa solicitude de conciliación, poderase realizar un trámite de modificación o mellora voluntaria da súa solicitude de acordo co artigo 71.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
>
> Neste senso, **se porá de manifesto ao traballador as horas nas que se require a súa presenza diaria**, intentando na medida do posible compatibilizar as necesidades do servizo coa súa petición. Se o traballador acepta a proposta de horario diario de presenza realizada pola administración, deixarase constancia por escrito e concederase a conciliación solicitada, recollendo na resolución de concesión da flexibilidade por conciliación tanto o horario diario de referencia como as concretas condicións de presenza obrigatoria establecidas.

Mediante esta previsión das Instrucións de desenvolvemento, a Administración vén a impoñer o establecemento dunha **franxa fixa do horario** dentro da xornada flexible por conciliación familiar. Isto entra en contradición directa co artigo 44 da Lei 7/2004, que só contempla como ferramenta para conciliar o dereito do/a traballador/a coas necesidades do centro a modificación do horario de referencia, pero non a posibilidade de impoñer unha franxa fixa dentro do horario de referencia.

Cómpre sublinar, por outra banda, que a Xunta de Galiza xa tentou introducir esta previsión na Orde do 20 de decembro de 2013, sendo retirada do texto que se publicou no DOG con posterioridade á presentación dun escrito de denuncia por parte destra central sindical (**Xúntase como Documento Anexo**).

Cómpre salientar que **o horario de referencia que impón a Administración para a flexibilidade familiar curiosamente é exactamente o mesmo que o da flexiblidade automática**. Mentres a Lei 7/2004 só contempla como factor limitativo do horario de referencia para a flexibilidade por conciliación familiar as necesidades do servizo que en boa lóxica deberan estar xustificadas para cada caso, a Administración impón na normativa de desenvolvemento uns condicionantes horarios fixados uniformemente na Orde do 20 de decembro de 2013 con carácter xeral, que reducen o ámbito temporal de exercicio desta modalidade de xornada flexible.

Igualmente, no apartado do rascuño de Instrucións referido á tramitación e resolución da flexibilidade horaria por conciliación familiar, disponse o seguinte:

> Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos, solicitarase ao titular do centro directivo onde presta servizos o empregado, un informe co obxecto de que valore si a concesión do horario de referencia solicitado polo empregado público pode afectar á organización e ao correcto funcionamento do servizo. No suposto de que así fose, recolleranse no dito informe as condicións diarias de presenza obrigatoria dentro dese horario de referencia solicitado, previo acordo co traballador ***logo da valoración das súas circunstancias persoais***.

De novo, neste punto volve a sacarse a colación o horario diario de presenza obrigada pero neste caso "*logo da valoración das súas circunstancias persoais*"; esta previsón foi tamén retirado finalmente da Orde do 20 de decembro de 2013 na fase de informe xurídico, logo da advertencia realizada desde esta central sindical mediante escrito do 22 de outubro de 2013.

O deber de cada centro directivo é informar de cómo afectaría ao servizo a solicitude do horario diario de referencia de cada persoal traballador que solicita a xornada flexible, non valorar as súas circunstancias persoais. Neste sentido é a Lei a que establece taxativamente cales son as condicións persoais e familiares necesarias para gozar deste dereito, que non precisan de valoración adicional, senón tan só comprobar que se cumpran. A esixencia, non prevista na Lei 7/2004, de que o/a traballador/a poña de manifesto ante a Administración cales son as súas circunstancias persoais constitúe, alén disto, unha intromisión intolerable na esferada da intimidade persoal.

Hai que ter presente, por outra banda, que a Orde do 20 de decembro de 2013 establece unha tramitación agravada para as solicitudes de flexibilización por conciliación familiar, en comparación coas solicitudes de flexibilización automática. Mentres esta última, para a que non se esixe a concorrencia de causas de conciliación, autorízase de oficio por silencio administrativo positivo en 15 días hábiles, para a flexibilización por conciliación familiar opera un prazo para a súa tramitación e resolución de tres meses até que se produza a estimación por silencio administrativo. O sistema informático de control horario da Xunta ("Kronos"), por outro lado, non habilita a flexibilidade por conciliación familiar a pesar de que se produza o silencio estimatorio polo transcurso do prazo de tres meses, o que si fai, en cambio, coas estimacións por silencio administrativo das solicitudes de flexibilidade ordinaria ou *automática*.

Alén disto, esta central sindical está a constar unha demora excesiva nas resolucións das solicitudes de flexibilidade horaria por conciliación familiar. Esta demora prodúcese en dúas fases do procedemento: por un lado, no prazo para solicitar o informe preceptivo aos órganos de representacións dos/as traballadores/as; e, por outro lado, no prazo para resolver a solicitude despois de se producir o informe do órgano de representación dos/as traballadores/es correspondente.

Exemplo disto é o retraso en solicitar o informe preceptivo á Xunta de Persoal en certos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
-7 MAI. 2014
Núm. 22047

departamentos da Administración autonómica
-Ata 83 días na Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA)
-Ata 74 días na Consellaría de Facenda
-Ata 67 días na Consellería de Sanidade

Tamén é constatable o retraso en resolver as solicitudes de flexibilización despois de realizarse o informe do órgano de representación sindical correspondente:

- Ata 41 días na Consellaría de Facenda
- Entre 20 e 27 días na Consellaría de Traballo e Benestar

Estas demoras e atrancos coinciden en dificultar para os traballadores o exercicio da flexibilización por conciliación familiar, retrasando a tramitación das solicitudes **até que os/as propios/as traballadores/as se autoimpoñen un horario diario de referencia** non previsto pola Lei 7/2004.

Neste sentido, esta central sindical ten coñecemento de Resolucións de flexibilidade por conciliación familiar autorizadas a traballadores con horarios de referencia tan amplios que baleiran de contido a flexibilidade horaria:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP):
- De 9.15 a 15.30 h luns, martes, xoves e venres (6:15 horas ao día de horario fixo)
- De 9:15 a 16:45 h os mércores (7:30 horas de horario fixo)
TOTAL 32:30 horas á semana de horario fixo

Consellaría de Facenda:
- De 7:30 a 14:30 h de luns a venres
TOTAL 35 horas semanais de horario fixo (o traballador non pode compensar a partir das 14.30 h

Consellaría de Facenda:
- De 9.30 a 17:23 h luns a xoves (7:53 horas ao día de horario fixo)
- De 9:30 a 15:30 h os mércores (6:00 horas de horario fixo)
TOTAL 37:32 horas á semana de horario fixo (o traballador non podería compensar a partir das 17:23 h)

En resumo, a actuación da Xunta de Galiza consiste en igualar na práctica o resultado de ambos tipos de flexibilización (a ordinaria ou *automática* e a de conciliación familiar), ao uniformizar o horario de referencia diario, e ao penalizar a flexibilidade por conciliación familiar cunha tramitación substancialmente máis longa.

Por último, coa introdución destas previsións nas Instrucións, a intención da Xunta de Galiza é **atrancar o exercicio de accións colectivas por parte das organizacións sindicais**, ao aplicarlle á flexibilidade horaria por conciliación familiar unhas condicións que contraveñen a Lei 7/2004 e que serán aprobadas nunha norma non publicada no DOG, que só sería recurrible por cada traballador/a a título individual.

## 3. PEDIMENTO DA CIG-AUTONÓMICA

A CIG-Autonómica denuncia que o Goberno galego impide o pleno exercicio do dereito á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar, aprobando normativa de desenvolvemento que introduce condicións non previstas na *Lei 7/2004, do 16 de xullo* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes*.

A CIG-Autonómica, na procura da efectividade da dita Lei, eleva esta denuncia a Vd. e ao seu Grupo Parlamentario, co pedimento de que aproben unha Proposición non de Lei no Parlamento de Galiza na que se inste ao Goberno galego, e nomeadamente á Consellería de Facenda e á

Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA
Confederación Intersindical Galega
Solo Consellería Educación
Telf. 981 54 59 09 · Fax 981 54 59 91
Edificio Administrativo San Caetano 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a respectar a plena vixencia da Lei 7/2004, favorecendo o exercicio do dereito á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar no ámbito da Administración da Xunta de Galiza.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2014
O secretario nacional da CIG-Autonómica

Fernando García Fernández

Confederación Intersindical Galega AUTONÓMICA
Confederación Intersindical Galega
Soto Consellería Educación Tel.: 981 54 59 00 - Fax: 981 54 59 91
Edificio Administrativo San Caetano - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
7 MAI. 2014
Núm. 23047

SERVIZOS PÚBLICOS SI GRAZAS

ESCRITO DIRIXIDO A TODOS OS GRUPOS PARLAMENTARES

# Á ATENCIÓN DO GRUPO MIXTO PARLAMENTO DE GALIZA

Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela

## DENUNCIA SOBRE ATRANCOS Á FLEXIBILIZACIÓN DE XORNADA POR CONCILIACIÓN FAMILAR DA LEI 7/2004 PARA A IGUALDADE DE MULLERES E HOMES

Fernando García Fernández, con NIF 35304555S, con enderezo válido para os efectos de notificacións no enderezo indicado na cabeceira deste escrito e na dirección de correo electrónico autonomica@cigadmon.org, secretario nacional da CIG-Autonómica, en nome e representación desta organización sindical, diríxese a Vd. e ao seu grupo parlamentar para **denunciar as actuacións do Goberno galego para atrancar a aplicación do dereito á flexibilización de xornada por razóns de conciliación familiar** previsto no artigo 44 da *Lei 7/2004, do 16 de xullo*, (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes*, e para **solicitar a presentación dunha proposición non de Lei** instando á Xunta de Galiza á que respecte a plena vixencia do dereito á conciliación da vida laboral e familiar nos termos previstos na lexislación vixente.

**1. ANTECEDENTES.**

O artigo 44.1 da *Lei 7/2004, do 16 de xullo* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes*, (na redacción dada pola *Lei 2/2007 do 28 de marzo* -DOG 13 de abril-, *do traballo en igualdade das mulleres*) dispón o seguinte:

> "Todo o persoal funcionario, eventual, interino, estatutario ou laboral ao servizo daAdministración pública galega con fillos/fillas ou acollidos/acollidas menores de doce anos, ou con familiares convivintes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas, poderá solicitar, e concedéndoselle se as necesidades do servizo o permitisen, a flexibilización da xornada de traballo dentro dun horario diario de referencia, determinado en cada caso, a petición da persoa interesada e ouvida a representación legal do persoal, pola dirección de persoal da unidade administrativa ou centro de traballo. A decisión, se as necesidades do servizo o permitisen, **reconecerá o máis amplio horario diario de referencia posible**. Dentro do horario diario de referencia establecido, a persona interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando, en cómputo mensual, resulten cumpridas todas as horas mensuais de traballo aplicables."

Xa que logo, o artigo 44.1 da Lei 7/2004 dispón, para o suposto da autorización da xornada flexible por conciliación familiar, **o reconecemento do horario diario de referencia máis amplio posible** que sexa compatible coas necesidades do servizo.

Este dereito foi desenvolvido na alínea a) do artigo 6.3.1 da *Orde do 20 de decembro de 2013* (DOG do 31 de decembro), *conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Horario flexible por razóns de conciliación da vida familiar e laboral, previsto no artigo 44 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes:

Os/as empregados/as con fillos/as ou acollidos menores de doce anos, ou con familiares conviventes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas, poderán solicitar a flexibilidade horaria.
Os homes e as mulleres que se encontren en proceso de nulidade, separación ou divorcio terán idéntico dereito, desde a interposición da demanda xudicial ou, por decisión da persoa interesada, desde a solicitude de medidas provisionais previas, ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou, de ser o caso, desde a citada solicitude.
O modelo de solicitude estará dispoñible na intranet da Xunta de Galicia.
Dentro das 7.30 e as 18.30 horas fixarase, en cada caso, por pedimento da persoa interesada e oídos os órganos de representación do persoal, o horario diario de referencia. **Este horario diario de referencia poderá ser superior ás 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo abranguerá ata as 20.00 horas de luns a xoves e ata as 15.30 horas os venres.**
Dentro do horario diario de referencia establecido, a persoa interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables, en cómputo mensual.

Este artigo da Orde do 20 de decembro de 2013, xa que logo, impón a franxa horaria no que o persoal da Administración pode exercer o dereito á xornada flexible por conciliación familiar, en contradición co artigo 44 da Lei 7/2004, no que se estipula que debe recoñecerse o horario de referencia máis amplo posible, coa única condición de que sexa compatible coas necesidades do servizo.

Neste sentido, ao prefigurar con carácter xeral un horario diario de referencia que "poderá ser superior ás 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo até as 20.00 horas de luns a xoves e até as 15.30 horas os venres", a Orde do 20 de decembro de 2013 impón unhas condicións horarias non baseadas en necesidades do servizo obxectivas.

Cómpre engadir que a CIG-Autonómica **presentou un recurso contencioso-administrativo** contra a Orde de 20 de decembro de 2013, fundado na vulneración do artigo 44 da Lei 7/2004 (DOG 03/08/2004), modificado pola lei 2/2007, do 28 de marzo (DOG 13/04/2007).

Nomeadamente, a CIG considera que a Orde do 20/12/2013 cercena parcialmente o exercicio do dereito á flexibilización de xornada por motivos familiares:

-Impide o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar os venres a partir das 15:30 h con carácter xeral.
-No permite o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar antes das 7.30 a despois das 20.00 h de luns a xoves, aínda que o centro de traballo estea aberto.

Na redacción dada ao art. 44 da Lei 7/2004 pola Lei 2/2007, a única causa prevista para limitar o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar son as necesidades do servizo. Necesidades do servizo que en boa lóxica deberan estar xustificadas para cada caso, e non impoñendo uns condicionantes horarios fixados arbitrariamente na Orde con carácter xeral, que reducen o ámbito temporal de exercicio desta modalidade de xornada flexible.

## 2. SITUACIÓN ACTUAL

CIG
Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA
Confederación Intersindical Galega
Soto Consellería Educación
Edificio Administrativo San Caetano - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tell.: 981 54 59 09 - Fax. 981 54 59 91

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
7 MAI. 2014
Núm. 22047

SERVIZOS PÚBLICOS SI, GRAZAS

Recentemente, as Consellerías de Facenda e Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas a Xustiza remitíronlles ás organizacións sindicais representativas no ámbito da Administración xeral da Xunta de Galiza un rascuño de *Instrucións sobre o desenvolvemento da orde do 20 de decembro de 2013 pola que se regula a xornada e horario de traballo, a flexiblidade horaria e o teletraballo no ámbito da Administración xeral e do Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia* (**Xúntanse como Documento Anexo**).

No apartado do rascuño de Instrucións referido á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar disponse o seguinte:

> Horario diario de referencia:
>
> O artigo 6.3.1. a) da Orde conxunta, sinala que dentro das 7.30 e as 18.30 horas fixarase, en cada caso, por pedimento da persoa interesada, e oídos os órganos de representación do persoal, o horario diario de referencia.Este horario diario de referencia poderá rematar mais tarde das 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo abranguerá ata as 20.00 horas de luns a xoves e ata as 15.30 horas os venres.
>
> A necesidade de fixar un horario diario de referencia, ben recollido no artigo 44 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
>
> Dito horario fixarase dentro do marxe sinalado pola Administración de 7:30 a 18:30/20:00 horas, por pedimento da persoa interesada e oídos os órganos de representación do persoal.
>
> Este horario diario de referencia será fixado na forma mais ampla posible, se as necesidades do servizo o permitiran, podendo chegar a coincidir coa banda horaria máxima antedita.
>
> Dentro do horario diario de referencia fixado, a persoa interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables en cómputo mensual.
>
> Non obstante e debido a que a concesión desta flexibilidade por conciliación encóntrase legalmente subordinada ás necesidades do servizo, **cando non se poida atender a petición do traballador en canto ao horario de referencia solicitado por ter que estar asegurada a súa presenza no seu posto de traballo nunhas horas diarias determinadas**, antes de denegar a súa solicitude de conciliación, poderase realizar un trámite de modificación o mellora voluntaria da súa solicitude de acordo co artigo 71.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
>
> Neste senso, **se porá de manifesto ao traballador as horas nas que se require a súa presenza diaria**, intentando na medida do posible compatibilizar as necesidades do servizo coa súa petición. Se o traballador acepta a proposta de horario diario de presenza realizada pola administración, deixarase constancia por escrito e concederase a conciliación solicitada, recollendo na resolución de concesión da flexibilidade por conciliación tanto o horario diario de referencia como as concretas condicións de presenza obrigatoria establecidas.

Mediante esta previsión das Instrucións de desenvolvemento, a Administración vén a impoñer o establecemento dunha **franxa fixa do horario** dentro da xornada flexible por conciliación familiar. Isto entra en contradición directa co artigo 44 da Lei 7/2004, que só contempla como ferramenta para conciliar o dereito do/a traballador/a coas necesidades do centro a modificación do horario de referencia, pero non a posibilidade de impoñer unha franxa fixa dentro do horario de referencia.

Cómpre sublinar, por outra banda, que a Xunta de Galiza xa tentou introducir esta previsión na Orde do 20 de decembro de 2013, sendo retirada do texto que se publicou no DOG con posterioridade á presentación dun escrito de denuncia por parte destra central sindical (**Xúntase como Documento Anexo**).

Cómpre salientar que **o horario de referencia que impón a Administración para a flexibilidade familiar curiosamente é exactamente o mesmo que o da flexiblidade automática**. Mentres a Lei 7/2004 só contempla como factor limitativo do horario de referencia para a flexibilidade por conciliación familiar as necesidades do servizo que en boa lóxica deberan estar xustificadas para cada caso, a Administración impón na normativa de desenvolvemento uns condicionantes horarios fixados uniformemente na Orde do 20 de decembro de 2013 con carácter xeral, que reducen o ámbito temporal de exercicio desta modalidade de xornada flexible.

Igualmente, no apartado do rascuño de Instrucións referido á tramitación e resolución da flexibilidade horaria por conciliación familiar, disponse o seguinte:

> Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos, solicitarase ao titular do centro directivo onde presta servizos o empregado, un informe co obxecto de que valore si a concesión do horario de referencia solicitado polo empregado público pode afectar á organización e ao correcto funcionamento do servizo. No suposto de que así fose, recolleranse no dito informe as condicións diarias de presenza obrigatoria dentro dese horario de referencia solicitado, previo acordo co traballador ***logo da valoración das súas circunstancias persoais***.

De novo, neste punto volve a sacarse a colación o horario diario de presenza obrigada pero neste caso "*logo da valoración das súas circunstancias persoais*"; esta previsón foi tamén retirado finalmente da Orde do 20 de decembro de 2013 na fase de informe xurídico, logo da advertencia realizada desde esta central sindical mediante escrito do 22 de outubro de 2013.

O deber de cada centro directivo é informar de cómo afectaría ao servizo a solicitude do horario diario de referencia de cada persoal traballador que solicita a xornada flexible, non valorar as súas circunstancias persoais. Neste sentido é a Lei a que establece taxativamente cales son as condicións persoais e familiares necesarias para gozar deste dereito, que non precisan de valoración adicional, senón tan só comprobar que se cumpran. A esixencia, non prevista na Lei 7/2004, de que o/a traballador/a poña de manifesto ante a Administración cales son as súas circunstancias persoais constitúe, alén disto, unha intromisión intolerable na esferada da intimidade persoal.

Hai que ter presente, por outra banda, que a Orde do 20 de decembro de 2013 establece unha tramitación agravada para as solicitudes de flexibilización por conciliación familiar, en comparación coas solicitudes de flexibilización automática. Mentres esta última, para a que non se esixe a concorrencia de causas de conciliación, autorízase de oficio por silencio administrativo positivo en 15 días hábiles, para a flexibilización por conciliación familiar opera un prazo para a súa tramitación e resolución de tres meses até que se produza a estimación por silencio administrativo. O sistema informático de control horario da Xunta ("Kronos"), por outro lado, non habilita a flexibilidade por conciliación familiar a pesar de que se produza o silencio estimatorio polo transcurso do prazo de tres meses, o que si fai, en cambio, coas estimacións por silencio administrativo das solicitudes de flexibilidade ordinaria ou *automática*.

Alén disto, esta central sindical está a constar unha demora excesiva nas resolucións das solicitudes de flexibilidade horaria por conciliación familiar. Esta demora prodúcese en dúas fases do procedemento: por un lado, no prazo para solicitar o informe preceptivo aos órganos de representacións dos/as traballadores/as; e, por outro lado, no prazo para resolver a solicitude despois de se producir o informe do órgano de representación dos/as traballadores/es correspondente.

Exemplo disto é o retraso en solicitar o informe preceptivo á Xunta de Persoal en certos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
7 MAI. 2014
Núm. 22047

departamentos da Administración autonómica
-Ata 83 días na Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA)
-Ata 74 días na Consellaría de Facenda
-Ata 67 días na Consellería de Sanidade

Tamén é constatable o retraso en resolver as solicitudes de flexibilización despois de realizarse o informe do órgano de representación sindical correspondente:

- Ata 41 días na Consellaría de Facenda
- Entre 20 e 27 días na Consellaría de Traballo e Benestar

Estas demoras e atrancos coinciden en dificultar para os traballadores o exercicio da flexibilización por conciliación familiar, retrasando a tramitación das solicitudes **até que os/as propios/as traballadores/as se autoimpoñen un horario diario de referencia** non previsto pola Lei 7/2004.

Neste sentido, esta central sindical ten coñecemento de Resolucións de flexibilidade por conciliación familiar autorizadas a traballadores con horarios de referencia tan amplios que baleiran de contido a flexibilidade horaria:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP):
- De 9.15 a 15.30 h luns, martes, xoves e venres (6:15 horas ao día de horario fixo)
- De 9:15 a 16:45 h os mércores (7:30 horas de horario fixo)
TOTAL 32:30 horas á semana de horario fixo

Consellaría de Facenda:
- De 7:30 a 14:30 h de luns a venres
TOTAL 35 horas semanais de horario fixo (o traballador non pode compensar a partir das 14.30 h

Consellaría de Facenda:
- De 9.30 a 17:23 h luns a xoves (7:53 horas ao día de horario fixo)
- De 9:30 a 15:30 h os mércores (6:00 horas de horario fixo)
TOTAL 37:32 horas á semana de horario fixo (o traballador non podería compensar a partir das 17:23 h)

En resumo, a actuación da Xunta de Galiza consiste en igualar na práctica o resultado de ambos tipos de flexibilización (a ordinaria ou *automática* e a de conciliación familiar), ao uniformizar o horario de referencia diario, e ao penalizar a flexibilidade por conciliación familiar cunha tramitación substancialmente máis longa.

Por último, coa introdución destas previsións nas Instrucións, a intención da Xunta de Galiza é **atrancar o exercicio de accións colectivas por parte das organizacións sindicais**, ao aplicarlle á flexibilidade horaria por conciliación familiar unhas condicións que contraveñen a Lei 7/2004 e que serán aprobadas nunha norma non publicada no DOG, que só sería recurrible por cada traballador/a a título individual.

### 3. PEDIMENTO DA CIG-AUTONÓMICA

A CIG-Autonómica denuncia que o Goberno galego impide o pleno exercicio do dereito á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar, aprobando normativa de desenvolvemento que introduce condicións non previstas na *Lei 7/2004, do 16 de xullo* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes.*

A CIG-Autonómica, na procura da efectividade da dita Lei, eleva esta denuncia a Vd. e ao seu Grupo Parlamentario, co pedimento de que aproben unha Proposición non de Lei no Parlamento de Galiza na que se inste ao Goberno galego, e nomeadamente á Consellería de Facenda e á

CIG
Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA

Confederación Intersindical Galega
Solo Consellería Educación
Telf.: 981 54 59 09 Fax: 981 54 59 91
Edificio Administrativo San Caetano - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a respectar a plena vixencia da Lei 7/2004, favorecendo o exercicio do dereito á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar no ámbito da Administración da Xunta de Galiza.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2014
O secretario nacional da CIG-Autonómica

Fernando García Fernández

CIG Confederación Intersindical Galega AUTONÓMICA
Confederación Intersindical Galega
Solo Consellería Educación
Edificio Administrativo San Caetano - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
7 MAI. 2014
Núm. 23047

ESCRITO DIRIXIDO A TODOS OS GRUPOS PARLAMENTARES

**GRUPO PARLAMENTAR DO BNG**
**PARLAMENTO DE GALIZA**
Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela

**DENUNCIA SOBRE ATRANCOS Á FLEXIBILIZACIÓN DE XORNADA POR CONCILIACIÓN FAMILAR DA LEI 7/2004 PARA A IGUALDADE DE MULLERES E HOMES**

Fernando García Fernández, con NIF 35304555S, con enderezo válido para os efectos de notificacións no enderezo indicado na cabeceira deste escrito e na dirección de correo electrónico autonomica@cigadmon.org, secretario nacional da CIG-Autonómica, en nome e representación desta organización sindical, dirixese a Vd. e ao seu grupo parlamentar para **denunciar as actuacións do Goberno galego para atrancar a aplicación do dereito á flexibilización de xornada por razóns de conciliación familiar** previsto no artigo 44 da *Lei 7/2004, do 16 de xullo,* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes*, e para **solicitar a presentación dunha proposición non de Lei** instando á Xunta de Galiza á que respecte a plena vixencia do dereito á conciliación da vida laboral e familiar nos termos previstos na lexislación vixente.

**1. ANTECEDENTES.**

O artigo 44.1 da *Lei 7/2004, do 16 de xullo* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes*, (na redacción dada pola *Lei 2/2007 do 28 de marzo* -DOG 13 de abril-, *do traballo en igualdade das mulleres*) dispón o seguinte:

> "Todo o persoal funcionario, eventual, interino, estatutario ou laboral ao servizo daAdministración pública galega con fillos/fillas ou acollidos/acollidas menores de doce anos, ou con familiares convivintes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas, poderá solicitar, e concedéndoselle se as necesidades do servizo o permitisen, a flexibilización da xornada de traballo dentro dun horario diario de referencia, determinado en cada caso, a petición da persoa interesada e ouvida a representación legal do persoal, pola dirección de persoal da unidade administrativa ou centro de traballo. A decisión, se as necesidades do servizo o permitisen, **reconecerá o máis amplio horario diario de referencia posible**. Dentro do horario diario de referencia establecido, a persona interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando, en cómputo mensual, resulten cumpridas todas as horas mensuais de traballo aplicables."

Xa que logo, o artigo 44.1 da Lei 7/2004 dispón, para o suposto da autorización da xornada flexible por conciliación familiar, **o recoñecemento do horario diario de referencia máis amplio posible** que sexa compatible coas necesidades do servizo.

Este dereito foi desenvolvido na alínea a) do artigo 6.3.1 da *Orde do 20 de decembro de 2013* (DOG do 31 de decembro*), conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.*

CIG
Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA
Confederación Intersindical Galega
Soto Consellería Educación
Tell 981 54 59 09 · Fax 981 54 59 91
Edificio Administrativo San Caetano - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Horario flexible por razóns de conciliación da vida familiar e laboral, previsto no artigo 44 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes:

Os/as empregados/as con fillos/as ou acollidos menores de doce anos, ou con familiares conviventes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas, poderán solicitar a flexibilidade horaria.
Os homes e as mulleres que se encontren en proceso de nulidade, separación ou divorcio terán idéntico dereito, desde a interposición da demanda xudicial ou, por decisión da persoa interesada, desde a solicitude de medidas provisionais previas, ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou, de ser o caso, desde a citada solicitude.
O modelo de solicitude estará dispoñible na intranet da Xunta de Galicia.
Dentro das 7.30 e as 18.30 horas fixarase, en cada caso, por pedimento da persoa interesada e oídos os órganos de representación do persoal, o horario diario de referencia. **Este horario diario de referencia poderá ser superior ás 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo abranguerá ata as 20.00 horas de luns a xoves e ata as 15.30 horas os venres.**
Dentro do horario diario de referencia establecido, a persoa interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables, en cómputo mensual.

Este artigo da Orde do 20 de decembro de 2013, xa que logo, impón a franxa horaria no que o persoal da Administración pode exercer o dereito á xornada flexible por conciliación familiar, en contradición co artigo 44 da Lei 7/2004, no que se estipula que debe recoñecerse o horario de referencia máis amplo posible, coa única condición de que sexa compatible coas necesidades do servizo.

Neste sentido, ao prefigurar con carácter xeral un horario diario de referencia que "poderá ser superior ás 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo até as 20.00 horas de luns a xoves e até as 15.30 horas os venres", a Orde do 20 de decembro de 2013 impón unhas condicións horarias non baseadas en necesidades do servizo obxectivas.

Cómpre engadir que a CIG-Autonómica **presentou un recurso contencioso-administrativo** contra a Orde de 20 de decembro de 2013, fundado na vulneración do artigo 44 da Lei 7/2004 (DOG 03/08/2004), modificado pola lei 2/2007, do 28 de marzo (DOG 13/04/2007).

Nomeadamente, a CIG considera que a Orde do 20/12/2013 cercena parcialmente o exercicio do dereito á flexibilización de xornada por motivos familiares:

-Impide o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar os venres a partir das 15:30 h con carácter xeral.
-No permite o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar antes das 7.30 a despois das 20.00 h de luns a xoves, aínda que o centro de traballo estea aberto.

Na redacción dada ao art. 44 da Lei 7/2004 pola Lei 2/2007, a única causa prevista para limitar o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar son as necesidades do servizo. Necesidades do servizo que en boa lóxica deberan estar xustificadas para cada caso, e non impoñendo uns condicionantes horarios fixados arbitrariamente na Orde con carácter xeral, que reducen o ámbito temporal de exercicio desta modalidade de xornada flexible.

## 2. SITUACIÓN ACTUAL

Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA

Confederación Intersindical Galega
Sofo Consellería Educación Tel. 981 54 ... Fax 981 54 59 91
Edificio Administrativo San Caetano - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
-7 MAR 2014
Núm. 23047

SERVIZOS PÚBLICOS SI, GRAZAS

Recentemente, as Consellerías de Facenda e Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas a Xustiza remitíronlles ás organizacións sindicais representativas no ámbito da Administración xeral da Xunta de Galiza un rascuño de *Instrucións sobre o desenvolvemento da orde do 20 de decembro de 2013 pola que se regula a xornada e horario de traballo, a flexiblidade horaria e o teletraballo no ámbito da Administración xeral e do Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia* (**Xúntanse como Documento Anexo**).

No apartado do rascuño de Instrucións referido á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar disponse o seguinte:

> Horario diario de referencia:
>
> O artigo 6.3.1. a) da Orde conxunta, sinala que dentro das 7.30 e as 18.30 horas fixarase, en cada caso, por pedimento da persoa interesada, e oídos os órganos de representación do persoal, o horario diario de referencia.Este horario diario de referencia poderá rematar mais tarde das 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo abranguerá ata as 20.00 horas de luns a xoves e ata as 15.30 horas os venres.
>
> A necesidade de fixar un horario diario de referencia, ben recollido no artigo 44 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
>
> Dito horario fixarase dentro do marxe sinalado pola Administración de 7:30 a 18:30/20:00 horas, por pedimento da persoa interesada e oídos os órganos de representación do persoal.
>
> Este horario diario de referencia será fixado na forma mais ampla posible, se as necesidades do servizo o permitiran, podendo chegar a coincidir coa banda horaria máxima antedita.
>
> Dentro do horario diario de referencia fixado, a persoa interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables en cómputo mensual.
>
> Non obstante e debido a que a concesión desta flexibilidade por conciliación encóntrase legalmente subordinada ás necesidades do servizo, **cando non se poida atender a petición do traballador en canto ao horario de referencia solicitado por ter que estar asegurada a súa presenza no seu posto de traballo nunhas horas diarias determinadas**, antes de denegar a súa solicitude de conciliación, poderase realizar un trámite de modificación o mellora voluntaria da súa solicitude de acordo co artigo 71.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
>
> Neste senso, **se porá de manifesto ao traballador as horas nas que se require a súa presenza diaria**, intentando na medida do posible compatibilizar as necesidades do servizo coa súa petición. Se o traballador acepta a proposta de horario diario de presenza realizada pola administración, deixarase constancia por escrito e concederase a conciliación solicitada, recollendo na resolución de concesión da flexibilidade por conciliación tanto o horario diario de referencia como as concretas condicións de presenza obrigatoria establecidas.

Mediante esta previsión das Instrucións de desenvolvemento, a Administración vén a impoñer o establecemento dunha **franxa fixa do horario** dentro da xornada flexible por conciliación familiar. Isto entra en contradición directa co artigo 44 da Lei 7/2004, que só contempla como ferramenta para conciliar o dereito do/a traballador/a coas necesidades do centro a modificación do horario de referencia, pero non a posibilidade de impoñer unha franxa fixa dentro do horario de referencia.

Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA
Confederación Intersindical Galega
Soto Consellería Educación
Tell. 981 54 59 09 - Fax 981 54 59 91
Edificio Administrativo San Caetano - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cómpre sublinar, por outra banda, que a Xunta de Galiza xa tentou introducir esta previsión na Orde do 20 de decembro de 2013, sendo retirada do texto que se publicou no DOG con posterioridade á presentación dun escrito de denuncia por parte destra central sindical (**Xúntase como Documento Anexo**).

Cómpre salientar que **o horario de referencia que impón a Administración para a flexibilidade familiar curiosamente é exactamente o mesmo que o da flexiblidade automática**. Mentres a Lei 7/2004 só contempla como factor limitativo do horario de referencia para a flexibilidade por conciliación familiar as necesidades do servizo que en boa lóxica deberan estar xustificadas para cada caso, a Administración impón na normativa de desenvolvemento uns condicionantes horarios fixados uniformemente na Orde do 20 de decembro de 2013 con carácter xeral, que reducen o ámbito temporal de exercicio desta modalidade de xornada flexible.

Igualmente, no apartado do rascuño de Instrucións referido á tramitación e resolución da flexibilidade horaria por conciliación familiar, disponse o seguinte:

> Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos, solicitarase ao titular do centro directivo onde presta servizos o empregado, un informe co obxecto de que valore si a concesión do horario de referencia solicitado polo empregado público pode afectar á organización e ao correcto funcionamento do servizo. No suposto de que así fose, recolleranse no dito informe as condicións diarias de presenza obrigatoria dentro dese horario de referencia solicitado, previo acordo co traballador ***logo da valoración das súas circunstancias persoais***.

De novo, neste punto volve a sacarse a colación o horario diario de presenza obrigada pero neste caso "*logo da valoración das súas circunstancias persoais*"; esta previsón foi tamén retirado finalmente da Orde do 20 de decembro de 2013 na fase de informe xurídico, logo da advertencia realizada desde esta central sindical mediante escrito do 22 de outubro de 2013.

O deber de cada centro directivo é informar de cómo afectaría ao servizo a solicitude do horario diario de referencia de cada persoal traballador que solicita a xornada flexible, non valorar as súas circunstancias persoais. Neste sentido é a Lei a que establece taxativamente cales son as condicións persoais e familiares necesarias para gozar deste dereito, que non precisan de valoración adicional, senón tan só comprobar que se cumpran. A esixencia, non prevista na Lei 7/2004, de que o/a traballador/a poña de manifesto ante a Administración cales son as súas circunstancias persoais constitúe, alén disto, unha intromisión intolerable na esferada da intimidade persoal.

Hai que ter presente, por outra banda, que a Orde do 20 de decembro de 2013 establece unha tramitación agravada para as solicitudes de flexibilización por conciliación familiar, en comparación coas solicitudes de flexibilización automática. Mentres esta última, para a que non se esixe a concorrencia de causas de conciliación, autorízase de oficio por silencio administrativo positivo en 15 días hábiles, para a flexibilización por conciliación familiar opera un prazo para a súa tramitación e resolución de tres meses até que se produza a estimación por silencio administrativo. O sistema informático de control horario da Xunta ("Kronos"), por outro lado, non habilita a flexibilidade por conciliación familiar a pesar de que se produza o silencio estimatorio polo transcurso do prazo de tres meses, o que si fai, en cambio, coas estimacións por silencio administrativo das solicitudes de flexibilidade ordinaria ou *automática*.

Alén disto, esta central sindical está a constar unha demora excesiva nas resolucións das solicitudes de flexibilidade horaria por conciliación familiar. Esta demora prodúcese en dúas fases do procedemento: por un lado, no prazo para solicitar o informe preceptivo aos órganos de representacións dos/as traballadores/as; e, por outro lado, no prazo para resolver a solicitude despois de se producir o informe do órgano de representación dos/as traballadores/es correspondente.

Exemplo disto é o retraso en solicitar o informe preceptivo á Xunta de Persoal en certos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
7 MAIO 2014
Núm. 23047
SERVIZOS PÚBLICOS SI, GRAZAS

departamentos da Administración autonómica
-Ata 83 días na Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA)
-Ata 74 días na Consellaría de Facenda
-Ata 67 días na Consellería de Sanidade

Tamén é constatable o retraso en resolver as solicitudes de flexibilización despois de realizarse o informe do órgano de representación sindical correspondente:

- Ata 41 días na Consellaría de Facenda
- Entre 20 e 27 días na Consellaría de Traballo e Benestar

Estas demoras e atrancos coinciden en dificultar para os traballadores o exercicio da flexibilización por conciliación familiar, retrasando a tramitación das solicitudes **até que os/as propios/as traballadores/as se autoimpoñen un horario diario de referencia** non previsto pola Lei 7/2004.

Neste sentido, esta central sindical ten coñecemento de Resolucións de flexibilidade por conciliación familiar autorizadas a traballadores con horarios de referencia tan amplios que baleiran de contido a flexibilidade horaria:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP):
- De 9.15 a 15.30 h luns, martes, xoves e venres (6:15 horas ao día de horario fixo)
- De 9:15 a 16:45 h os mércores (7:30 horas de horario fixo)
TOTAL 32:30 horas á semana de horario fixo

Consellaría de Facenda:
- De 7:30 a 14:30 h de luns a venres
TOTAL 35 horas semanais de horario fixo (o traballador non pode compensar a partir das 14.30 h

Consellaría de Facenda:
- De 9.30 a 17:23 h luns a xoves (7:53 horas ao día de horario fixo)
- De 9:30 a 15:30 h os mércores (6:00 horas de horario fixo)
TOTAL 37:32 horas á semana de horario fixo (o traballador non podería compensar a partir das 17:23 h)

En resumo, a actuación da Xunta de Galiza consiste en igualar na práctica o resultado de ambos tipos de flexibilización (a ordinaria ou *automática* e a de conciliación familiar), ao uniformizar o horario de referencia diario, e ao penalizar a flexibilidade por conciliación familiar cunha tramitación substancialmente máis longa.

Por último, coa introdución destas previsións nas Instrucións, a intención da Xunta de Galiza é **atrancar o exercicio de accións colectivas por parte das organizacións sindicais**, ao aplicarlle á flexibilidade horaria por conciliación familiar unhas condicións que contraveñen a Lei 7/2004 e que serán aprobadas nunha norma non publicada no DOG, que só sería recurrible por cada traballador/a a título individual.

## 3. PEDIMENTO DA CIG-AUTONÓMICA

A CIG-Autonómica denuncia que o Goberno galego impide o pleno exercicio do dereito á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar, aprobando normativa de desenvolvemento que introduce condicións non previstas na *Lei 7/2004, do 16 de xullo* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes.*

A CIG-Autonómica, na procura da efectividade da dita Lei, eleva esta denuncia a Vd. e ao seu Grupo Parlamentario, co pedimento de que aproben unha Proposición non de Lei no Parlamento de Galiza na que se inste ao Goberno galego, e nomeadamente á Consellería de Facenda e á

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a respectar a plena vixencia da Lei 7/2004, favorecendo o exercicio do dereito á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar no ámbito da Administración da Xunta de Galiza.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2014
O secretario nacional da CIG-Autonómica

Fernando García Fernández

Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA

Confederación Intersindical Galega
Solo Consellería Educación Tel.: 981 54 59 09 Fax 981 54 59 91
Edificio Administrativo San Caetano 1577_ SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 7 MAI. 2014
Núm. 23047

**ESCRITO DIRIXIDO A TODOS OS GRUPOS PARLAMENTARES**

# GRUPO PARLAMENTAR DE ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA PARLAMENTO DE GALIZA

Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela

## DENUNCIA SOBRE ATRANCOS Á FLEXIBILIZACIÓN DE XORNADA POR CONCILIACIÓN FAMILAR DA LEI 7/2004 PARA A IGUALDADE DE MULLERES E HOMES

Fernando García Fernández, con NIF 35304555S, con enderezo válido para os efectos de notificacións no enderezo indicado na cabeceira deste escrito e na dirección de correo electrónico **autonomica@cigadmon.org**, secretario nacional da CIG-Autonómica, en nome e representación desta organización sindical, diríxese a Vd. e ao seu grupo parlamentar para **denunciar as actuacións do Goberno galego para atrancar a aplicación do dereito á flexibilización de xornada por razóns de conciliación familiar** previsto no artigo 44 da *Lei 7/2004, do 16 de xullo,* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes*, e para **solicitar a presentación dunha proposición non de Lei** instando á Xunta de Galiza á que respecte a plena vixencia do dereito á conciliación da vida laboral e familiar nos termos previstos na lexislación vixente.

### 1. ANTECEDENTES.

O artigo 44.1 da *Lei 7/2004, do 16 de xullo* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes,* (na redacción dada pola *Lei 2/2007 do 28 de marzo* -DOG 13 de abril-, *do traballo en igualdade das mulleres*) dispón o seguinte:

> "Todo o persoal funcionario, eventual, interino, estatutario ou laboral ao servizo daAdministración pública galega con fillos/fillas ou acollidos/acollidas menores de doce anos, ou con familiares convivintes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas, poderá solicitar, e concedéndoselle se as necesidades do servizo o permitisen, a flexibilización da xornada de traballo dentro dun horario diario de referencia, determinado en cada caso, a petición da persoa interesada e ouvida a representación legal do persoal, pola dirección de persoal da unidade administrativa ou centro de traballo. A decisión, se as necesidades do servizo o permitisen, **reconecerá o máis amplio horario diario de referencia posible**. Dentro do horario diario de referencia establecido, a persona interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando, en cómputo mensual, resulten cumpridas todas as horas mensuais de traballo aplicables."

Xa que logo, o artigo 44.1 da Lei 7/2004 dispón, para o suposto da autorización da xornada flexible por conciliación familiar, **o reconecemento do horario diario de referencia máis amplio posible** que sexa compatible coas necesidades do servizo.

Este dereito foi desenvolvido na alínea a) do artigo 6.3.1 da *Orde do 20 de decembro de 2013* (DOG do 31 de decembro*), conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA
Confederación Intersindical Galega
Soto Consellería Educación Tell. 981 54 59 09 · Fax 981 54 59 91
Edificio Administrativo San Caetano · 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Horario flexible por razóns de conciliación da vida familiar e laboral, previsto no artigo 44 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes:

Os/as empregados/as con fillos/as ou acollidos menores de doce anos, ou con familiares conviventes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas, poderán solicitar a flexibilidade horaria.
Os homes e as mulleres que se encontren en proceso de nulidade, separación ou divorcio terán idéntico dereito, desde a interposición da demanda xudicial ou, por decisión da persoa interesada, desde a solicitude de medidas provisionais previas, ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou, de ser o caso, desde a citada solicitude.
O modelo de solicitude estará dispoñible na intranet da Xunta de Galicia.
Dentro das 7.30 e as 18.30 horas fixarase, en cada caso, por pedimento da persoa interesada e oídos os órganos de representación do persoal, o horario diario de referencia. **Este horario diario de referencia poderá ser superior ás 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo abranguerá ata as 20.00 horas de luns a xoves e ata as 15.30 horas os venres.**
Dentro do horario diario de referencia establecido, a persoa interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables, en cómputo mensual.

Este artigo da Orde do 20 de decembro de 2013, xa que logo, impón a franxa horaria no que o persoal da Administración pode exercer o dereito á xornada flexible por conciliación familiar, en contradición co artigo 44 da Lei 7/2004, no que se estipula que debe recoñecerse o horario de referencia máis amplo posible, coa única condición de que sexa compatible coas necesidades do servizo.

Neste sentido, ao prefigurar con carácter xeral un horario diario de referencia que "poderá ser superior ás 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo até as 20.00 horas de luns a xoves e até as 15.30 horas os venres", a Orde do 20 de decembro de 2013 impón unhas condicións horarias non baseadas en necesidades do servizo obxectivas.

Cómpre engadir que a CIG-Autonómica **presentou un recurso contencioso-administrativo** contra a Orde de 20 de decembro de 2013, fundado na vulneración do artigo 44 da Lei 7/2004 (DOG 03/08/2004), modificado pola lei 2/2007, do 28 de marzo (DOG 13/04/2007).

Nomeadamente, a CIG considera que a Orde do 20/12/2013 cercena parcialmente o exercicio do dereito á flexibilización de xornada por motivos familiares:

-Impide o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar os venres a partir das 15:30 h con carácter xeral.
-No permite o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar antes das 7.30 a despois das 20.00 h de luns a xoves, aínda que o centro de traballo estea aberto.

Na redacción dada ao art. 44 da Lei 7/2004 pola Lei 2/2007, a única causa prevista para limitar o exercicio da xornada flexible por conciliación familiar son as necesidades do servizo. Necesidades do servizo que en boa lóxica deberan estar xustificadas para cada caso, e non impoñendo uns condicionantes horarios fixados arbitrariamente na Orde con carácter xeral, que reducen o ámbito temporal de exercicio desta modalidade de xornada flexible.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 7 MAI. 2014
Núm. 23047

## 2. SITUACIÓN ACTUAL

Recentemente, as Consellerías de Facenda e Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas a Xustiza remitíronlles ás organizacións sindicais representativas no ámbito da Administración xeral da Xunta de Galiza un rascuño de *Instrucións sobre o desenvolvemento da orde do 20 de decembro de 2013 pola que se regula a xornada e horario de traballo, a flexiblidade horaria e o teletraballo no ámbito da Administración xeral e do Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia* (**Xúntanse como Documento Anexo**).

No apartado do rascuño de Instrucións referido á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar disponse o seguinte:

> Horario diario de referencia:
>
> O artigo 6.3.1. a) da Orde conxunta, sinala que dentro das 7.30 e as 18.30 horas fixarase, en cada caso, por pedimento da persoa interesada, e oídos os órganos de representación do persoal, o horario diario de referencia.Este horario diario de referencia poderá rematar mais tarde das 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto, e como máximo abranguerá ata as 20.00 horas de luns a xoves e ata as 15.30 horas os venres.
>
> A necesidade de fixar un horario diario de referencia, ben recollido no artigo 44 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
>
> Dito horario fixarase dentro do marxe sinalado pola Administración de 7:30 a 18:30/20:00 horas, por pedimento da persoa interesada e oídos os órganos de representación do persoal.
>
> Este horario diario de referencia será fixado na forma mais ampla posible, se as necesidades do servizo o permitiran, podendo chegar a coincidir coa banda horaria máxima antedita.
>
> Dentro do horario diario de referencia fixado, a persoa interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables en cómputo mensual.
>
> Non obstante e debido a que a concesión desta flexibilidade por conciliación encóntrase legalmente subordinada ás necesidades do servizo, **cando non se poida atender a petición do traballador en canto ao horario de referencia solicitado por ter que estar asegurada a súa presenza no seu posto de traballo nunhas horas diarias determinadas**, antes de denegar a súa solicitude de conciliación, poderase realizar un trámite de modificación o mellora voluntaria da súa solicitude de acordo co artigo 71.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
>
> Neste senso, **se porá de manifesto ao traballador as horas nas que se require a súa presenza diaria**, intentando na medida do posible compatibilizar as necesidades do servizo coa súa petición. Se o traballador acepta a proposta de horario diario de presenza realizada pola administración, deixarase constancia por escrito e concederase a conciliación solicitada, recollendo na resolución de concesión da flexibilidade por conciliación tanto o horario diario de referencia como as concretas condicións de presenza obrigatoria establecidas.

Mediante esta previsión das Instrucións de desenvolvemento, a Administración vén a impoñer o establecemento dunha **franxa fixa do horario** dentro da xornada flexible por conciliación familiar. Isto entra en contradición directa co artigo 44 da Lei 7/2004, que só contempla como ferramenta para conciliar o dereito do/a traballador/a coas necesidades do centro a modificación do horario de referencia, pero non a posibilidade de impoñer unha franxa fixa dentro do horario de referencia.

Cómpre sublinar, por outra banda, que a Xunta de Galiza xa tentou introducir esta previsión na Orde do 20 de decembro de 2013, sendo retirada do texto que se publicou no DOG con posterioridade á presentación dun escrito de denuncia por parte destra central sindical (**Xúntase como Documento Anexo**).

Cómpre salientar que **o horario de referencia que impón a Administración para a flexibilidade familiar curiosamente é exactamente o mesmo que o da flexiblidade automática**. Mentres a Lei 7/2004 só contempla como factor limitativo do horario de referencia para a flexibilidade por conciliación familiar as necesidades do servizo que en boa lóxica deberan estar xustificadas para cada caso, a Administración impón na normativa de desenvolvemento uns condicionantes horarios fixados uniformemente na Orde do 20 de decembro de 2013 con carácter xeral, que reducen o ámbito temporal de exercicio desta modalidade de xornada flexible.

Igualmente, no apartado do rascuño de Instrucións referido á tramitación e resolución da flexibilidade horaria por conciliación familiar, disponse o seguinte:

> Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos, solicitarase ao titular do centro directivo onde presta servizos o empregado, un informe co obxecto de que valore si a concesión do horario de referencia solicitado polo empregado público pode afectar á organización e ao correcto funcionamento do servizo. No suposto de que así fose, recolleranse no dito informe as condicións diarias de presenza obrigatoria dentro dese horario de referencia solicitado, previo acordo co traballador ***logo da valoración das súas circunstancias persoais***.

De novo, neste punto volve a sacarse a colación o horario diario de presenza obrigada pero neste caso "*logo da valoración das súas circunstancias persoais*"; esta previsón foi tamén retirado finalmente da Orde do 20 de decembro de 2013 na fase de informe xurídico, logo da advertencia realizada desde esta central sindical mediante escrito do 22 de outubro de 2013.

O deber de cada centro directivo é informar de cómo afectaria ao servizo a solicitude do horario diario de referencia de cada persoal traballador que solicita a xornada flexible, non valorar as súas circunstancias persoais. Neste sentido é a Lei a que establece taxativamente cales son as condicións persoais e familiares necesarias para gozar deste dereito, que non precisan de valoración adicional, senón tan só comprobar que se cumpran. A esixencia, non prevista na Lei 7/2004, de que o/a traballador/a poña de manifesto ante a Administración cales son as súas circunstancias persoais constitúe, alén disto, unha intromisión intolerable na esferada da intimidade persoal.

Hai que ter presente, por outra banda, que a Orde do 20 de decembro de 2013 establece unha tramitación agravada para as solicitudes de flexibilización por conciliación familiar, en comparación coas solicitudes de flexibilización automática. Mentres esta última, para a que non se esixe a concorrencia de causas de conciliación, autorízase de oficio por silencio administrativo positivo en 15 días hábiles, para a flexibilización por conciliación familiar opera un prazo para a súa tramitación e resolución de tres meses até que se produza a estimación por silencio administrativo. O sistema informático de control horario da Xunta ("Kronos"), por outro lado, non habilita a flexibilidade por conciliación familiar a pesar de que se produza o silencio estimatorio polo transcurso do prazo de tres meses, o que si fai, en cambio, coas estimacións por silencio administrativo das solicitudes de flexibilidade ordinaria ou *automática*.

Alén disto, esta central sindical está a constar unha demora excesiva nas resolucións das solicitudes de flexibilidade horaria por conciliación familiar. Esta demora prodúcese en dúas fases do procedemento: por un lado, no prazo para solicitar o informe preceptivo aos órganos de representacións dos/as traballadores/as; e, por outro lado, no prazo para resolver a solicitude despois de se producir o informe do órgano de representación dos/as traballadores/es correspondente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
7 MAI. 2014
Núm. 23047

Exemplo disto é o retraso en solicitar o informe preceptivo á Xunta de Persoal en certos departamentos da Administración autonómica
-Ata 83 días na Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA)
-Ata 74 días na Consellaría de Facenda
-Ata 67 días na Consellería de Sanidade

Tamén é constatable o retraso en resolver as solicitudes de flexibilización despois de realizarse o informe do órgano de representación sindical correspondente:

- Ata 41 días na Consellaría de Facenda
- Entre 20 e 27 días na Consellaría de Traballo e Benestar

Estas demoras e atrancos coinciden en dificultar para os traballadores o exercicio da flexibilización por conciliación familiar, retrasando a tramitación das solicitudes **até que os/as propios/as traballadores/as se autoimpoñen un horario diario de referencia** non previsto pola Lei 7/2004.

Neste sentido, esta central sindical ten coñecemento de Resolucións de flexibilidade por conciliación familiar autorizadas a traballadores con horarios de referencia tan amplios que baleiran de contido a flexibilidade horaria:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP):
- De 9.15 a 15.30 h luns, martes, xoves e venres (6:15 horas ao día de horario fixo)
- De 9:15 a 16:45 h os mércores (7:30 horas de horario fixo)
TOTAL 32:30 horas á semana de horario fixo

Consellaría de Facenda:
- De 7:30 a 14:30 h de luns a venres
TOTAL 35 horas semanais de horario fixo (o traballador non pode compensar a partir das 14.30 h

Consellaría de Facenda:
- De 9.30 a 17:23 h luns a xoves (7:53 horas ao día de horario fixo)
- De 9:30 a 15:30 h os mércores (6:00 horas de horario fixo)
TOTAL 37:32 horas á semana de horario fixo (o traballador non podería compensar a partir das 17:23 h)

En resumo, a actuación da Xunta de Galiza consiste en igualar na práctica o resultado de ambos tipos de flexibilización (a ordinaria ou *automática* e a de conciliación familiar), ao uniformizar o horario de referencia diario, e ao penalizar a flexibilidade por conciliación familiar cunha tramitación substancialmente máis longa.

Por último, coa introdución destas previsións nas Instrucións, a intención da Xunta de Galiza é **atrancar o exercicio de accións colectivas por parte das organizacións sindicais**, ao aplicarlle á flexibilidade horaria por conciliación familiar unhas condicións que contraveñen a Lei 7/2004 e que serán aprobadas nunha norma non publicada no DOG, que só sería recurrible por cada traballador/a a título individual.

### 3. PEDIMENTO DA CIG-AUTONÓMICA

A CIG-Autonómica denuncia que o Goberno galego impide o pleno exercicio do dereito á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar, aprobando normativa de desenvolvemento que introduce condicións non previstas na *Lei 7/2004, do 16 de xullo* (DOG núm. 149 do 03/08/2004) *para a igualdade de mulleres e homes.*

A CIG-Autonómica, na procura da efectividade da dita Lei, eleva esta denuncia a Vd. e ao seu Grupo Parlamentario, co pedimento de que aproben unha Proposición non de Lei no Parlamento de

Galiza na que se inste ao Goberno galego, e nomeadamente á Consellería de Facenda e á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a respectar a plena vixencia da Lei 7/2004, favorecendo o exercicio do dereito á xornada flexible por conciliación da vida laboral e familiar no ámbito da Administración da Xunta de Galiza.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2014
O secretario nacional da CIG-Autonómica

Fernando García Fernández